

**“A POSTA EN MARCHA DO CENTRO
DE INICIATIVAS EMPRESARIAS DO
CONCELLO DE GUITIRIZ”**

**REGULAMENTO DO CENTRO
DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS
ORDENANZA FISCAL POLO USO DO VIVEIRO**

Autor

Francisco Jesús Ferreiro Seoane.
Profesor da Universidade de Santiago de Compostela.

Edita

Concello de Guitiriz

Lugar

Guitiriz. Provincia de Lugo. España

Ano

2010

ISBN

8-84-694-1612-9

Depósito Legal

C 976-2011

Deseño Cuberta

Fernando Martínez (arquitecto)

Impresión

Inversiones Carcor S.L.

Índice

REGULAMENTO DO CENTRO MUNICIPAL DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS	9
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.....	11
TÍTULO PRELIMINAR: DO CENTRO MUNICIPAL DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS	13
Artigo 1.- Definición.....	13
Artigo 2.- Obxecto	13
Artigo 3.- Localización	14
Artigo 4.- Prestación de servizos.....	15
Artigo 5.- Das autorizacións	17
TÍTULO I: OS BENEFICIARIOS/AS.....	18
Artigo 6.- Solicitantes	19
Artigo 7.- Beneficiario/a	20
Artigo 8.- Obrigacións do/a Beneficiario/a	22
Artigo 9.- Prohibicións	24
TÍTULO II: O PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN	25
CAPÍTULO I: Da convocatoria	25
Artigo 10.- Da convocatoria	25
CAPÍTULO II: Da solicitude, presentación, avaliación e valoración de solicitudes e resolución.	25

Artigo 11.- Solicitud	25
Artigo 12.- Presentación da solicitud	29
Artigo 13.- Avaliación e valoración de solicitudes	30
Artigo 14.- Proposta e Resolución	37
CAPÍTULO III: Da lista de espera	39
Artigo 15.- Lista de espera	39
CAPÍTULO IV: Da formalización da autorización	39
Artigo 16.- Para a formalización da autorización	39
CAPÍTULO V: Da resolución	42
Artigo 17.- Da resolución da autorización	42
TÍTULO III: DAS CONDICIÓNS DE CONVIVENCIA E USO DAS INSTALACIÓNS E SERVIZOS DO CENTRO MUNICIPAL DE EMPRESAS	45
Artigo 18.- Do horario e apertura	45
Artigo 19.- Utilización de despachos	45
Artigo 20.- Utilización de espazos comúns	46
Artigo 21.- Responsabilidade por danos	47
TÍTULO IV: RÉXIME SANCIONADOR	48
CAPÍTULO I: Disposicións xerais	49
Artigo 22.- Disposicións xerais	49
Artigo 23.- Da potestade sancionadora	50
Artigo 24.- Prescrición	50

CAPÍTULO II: Das infraccións	52
Artigo 25.- Das infraccións.....	52
CAPÍTULO III: Das sancións	55
Artigo 26.- Das sancións.....	55
Artigo 27.- Órganos sancionadores	56
TÍTULO V: DO RÉXIME ECONÓMICO	57
Artigo 28.- Financiamento e réxime de achegas	57
DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.....	57
DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.....	57
DISPOSICIÓN FINAL	58
ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACION DOS LOCAIS DO CENTRO MUNICIPAL DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE GUITIRIZ.....	59
Artigo1.- Fundamento e natureza	61
Artigo2.- Feito imponible	61
Artigo 3.- Suxeito Pasivo	61
Artigo 4.- Base Imponible.....	62
Artigo 5.- Cota Tributaria.....	62
Artigo 6.- Devengar	63
Artigo 7.- Normas de xestión	63
Artigo 8.- Normativa supletoria	64
Artigo 9.- Infraccións e Sancións	64

Temos dado un novo paso na creación do noso viveiro e xa podemos decir que pola nosa parte está feito o traballo básico e contamos co apoio real imprescindible dende o noso punto de vista, para darvos o asesoramento preciso. Non remata aquí, nin moito menos o noso traballo, pero chegamos a un punto onde precisamos **da túa implicación**. Dende este momento a nosa andaina en solitario non tería sentido e levaríamos directamente ó fracaso, **contigo, con vos**, podemos acadar o éxito que dende o primeiro momento buscamos e que a zona precisa.

A difícil situación que nos toca vivir no mundo do traballo debe ser un estímulo, un potencial que vos axude a tomar decisións persoais para resolver a situación laboral que preocupa a moita xente, entre a que ti te atopas. Xunguide ese estímulo á interesante oferta que se ofrece dende o Concello e espertade **esa idea, ese proxecto, esa ilusión** que de seguro tedes, pero non sabedes materializar ou pensades que é imposible por motivos económicos. Dende aquí vas a ter apoio para madurala, coñecer a súa vabilidade, buscar apoio económico, dispor dun lugar barato para situarte,...todo o máis importante para triunfar no mundo laboral.

Decía o gran poeta español Gustavo Adolfo Bécquer nunha hermosísima rima:

*"Del salón en el ángulo oscuro,
de su dueña tal vez olvidada,
silenciosa y cubierta de polvo,
veíase el arpa.*

*iCuánta nota dormía en sus cuerdas,
como el pájaro duerme en las ramas,
esperando la mano de nieve
que sabe arrancarlas!*

*iAy!, pensé; ¡cuántas veces el genio
así duerme en el fondo del alma,
y una voz como Lázaro espera
que le diga «Levántate y anda!»"*

Agardo que este viveiro actúe de Lázaro e te faga levantar o vo para iniciar unha andaina empresarial que te leve a un futuro de triunfo e esperanza.

Guitiriz, marzo do 2011



Regina Polín Rodríguez, Alcaldesa de Guitiriz

***REGULAMENTO DO CENTRO MUNICIPAL DE
INICIATIVAS EMPRESARIAIS***

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Réxime Local de Galicia, faculta aos Concellos para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Tamén o artigo 80.2, nos apartados o) e p) amplía o exercicio de competencias municipais nos termos de lexislación do estado e da Comunidade Autónoma en materia de participación na formación de activos desempregados e na execución de programas propios destinados a diferentes colectivos de poboación, declarando, así mesmo, no seu artigo 86.f) a potestade municipal para o exercicio de actividades complementarias das propias doutras administracións públicas en materia de ocupación e loita contra o desemprego.

No exercicio destas competencias, o Concello de Guitiriz considera de interese social a creación dun Centro Municipal de Iniciativas Empresariais como medio para o fomento do emprego e o desenvolvemento económico local.

O Centro Municipal de Iniciativas Empresariais configurarase como unha iniciativa importante que contribuirá a que o Concello, a través do Servizo no que crea oportuno delegar, poida cumprir co obxectivo de apoio e fomento do desenvolvemento económico local, facilitando a superación da etapa de risco inicial das empresas de nova ou recente creación e a súa integración no

contexto económico local, e co conxunto de ferramentas postas á súa disposición conforme ao que se describe nesta Ordenanza, facilitará as persoas emprendedoras o acceso ás distintas accións de asesoramento, formación e apoio de persoal técnico para a consecución dunhas aptitudes e actitudes empresariais adecuadas.

Trátase, en definitiva, de converter o Centro Municipal de Iniciativas Empresariais nun novo modelo de implantación empresarial, onde a innovación, o traballo en rede, a colaboración mutua e a aposta pola calidade garantan un tecido empresarial altamente competitivo.

En atención a todo iso, e no exercicio das potestades regulamentarias, de auto-organización e de programación conferidas polo artigo 4.a) da Lei 7/1985 e 6 da Lei 5/97, anteriormente referidas, dítase a presente Ordenanza Reguladora do Centro Municipal de Iniciativas Empresariais do Concello de Guitiriz.

TÍTULO PRELIMINAR: DO CENTRO MUNICIPAL DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS

Artigo 1.- Definición

O Centro Municipal de Iniciativas Empresariais é un servizo municipal regulado pola presente Ordenanza que se configura como de carácter público, polivalente e que pode ser complementario doutros servizos ou elementos de apoio, protección e desenvolvemento da actividade económica local que o Concello veña prestando e que persegue promover o desenvolvemento económico local a través do apoio e fomento de novas ou recentes iniciativas empresariais, co consecuente efecto positivo sobre a creación de emprego e riqueza do tecido produtivo no municipio.

Artigo 2.- Obxecto

O Centro Municipal de Iniciativas Empresariais concíbese como un servizo polivalente cuxo obxecto será facilitar o establecemento, arranque e consolidación de novas empresas e que persegue, entre outros, os seguintes fins:

- Apoiar a superación da etapa de risco inicial da empresa asegurando a súa implantación definitiva no contexto económico local.

- Facilitar a consolidación dos proxectos situados no Centro Municipal de Iniciativas Empresariais co acceso a un equipo técnico asesor no campo da xestión e en ocasións, da tecnoloxía, innovación, etc.
- Facilitar a integración co contorno e axentes socioeconómicos pola organización de encontros e contactos con outras experiencias empresariais.
- Facilitar o coñecemento e adquisición de aptitudes empresariais a través de procesos de titorización ou formación.

Para iso o Excelentísimo Concello de Guitiriz regulará o acceso das empresas aos espazos situados no Centro Municipal de Iniciativas Empresariais baixo as condicións establecidas.

A presente ordenanza, titorizará, apoiará e guiará proxectos empresariais e elaborará programas de actuación encamiñados á consecución dos citados obxectivos, sendo estes servizos de carácter gratuíto e só cobrando polo uso do espazo.

Artigo 3.- Localización

O Centro Municipal de Iniciativas Empresariais localízase na Rúa do Concello 42 B (Guitiriz).

O edificio participa do carácter de ben de dominio público destinado ó servizo público, contando con 4 despachos con superficie variable, sala de xuntas, distribuidores, escaleiras e aseo.

O Excelentísimo Concello de Guitiriz é o titular do Centro e a el correspóndelle a competencia exclusiva das funcións de planificación, tramitación, xestión, coordinación, execución e seguimento de todos os servizos nel ofertados.

Para iso, e en desenvolvemento da presente ordenanza, ditaranse as instrucións que sexan necesarias para a súa boa orde e funcionamento.

Artigo 4.- Prestación de servizos

Os servizos que se prestarán no Centro Municipal de Iniciativas Empresariais serán:

- 1- Cesión de espazos municipais para ser usados como oficinas polas empresas que resulten seleccionadas segundo o procedemento definido na presente Ordenanza.
- 2- Uso da sala de xuntas para reunións de carácter profesional, tanto para as empresas que teñan oficinas no Centro Municipal, como as que desenvolvan a súa actividade fóra do Centro, pero precisan servizos comúns (o que se denomina en réxime virtual). Estes espazos comúns serían a sala de xuntas, sen menoscabo de que se ampliaran no futuro.
- 3- Asesoramento e titorización individualizado aos proxectos empresariais instalados no Centro Municipal de Iniciativas Empresariais, asesorando e informando sobre a súa viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral,

sobre os plans de lanzamento e consolidación das empresas instaladas. Este asesoramento incluírá o acompañamento técnico durante as primeiras etapas e asistencia en proxectos formativos. Tamén terán dereito a este servizo as empresas que teñan contratados os servizos comúns, emprendedores en réxime de virtualidade. Os emprendedores que non precisen nin despachos con uso privativos, nin instalacións comúns poderán solicitar do Centro Municipal de Iniciativas Empresariais, o servizo gratuíto de consultas, así como o servizo de titorización de proxectos para axudarlles ao inicio e consolidación da actividade aos emprendedores. O servizo de asesoramento e titorización é totalmente gratuíto, non cobrando por elo.

- 4- Subministración de auga potable, calefacción, enerxía eléctrica, evacuación de augas residuais, recollida selectiva de lixos e máquina fotocopadora común. Os servizos de teléfono, internet, fax e o custe da fotocopadora serán por conta de quen os utilice. As recollidas de residuos especiais serán por conta de cada emprendedor.
- 5- As empresas instaladas no Centro poderán establecer acordos de colaboración mutua ou de cooperación naqueles servizos compartidos que estimen necesarios para o seu óptimo rendemento empresarial, sendo neste caso enteiramente asumido o custo por elas, e necesitando como único requisito a comunicación dun preaviso cunha antelación de 15 días.

Artigo 5.- Das autorizacións

Os espazos e servizos ofertados no Centro Municipal de Empresas utilizaranse e aproveitaranse baixo o réxime de autorizacións que se outorgarán a aqueles proxectos empresariais que, despois do proceso de avaliación e valoración definido na presente Ordenanza, resulten beneficiarios.

TÍTULO I: OS BENEFICIARIOS/AS

Artigo 6.- Solicitantes

Poderán solicitar a súa participación no procedemento de selección de acceso ós servizos ofrecidos no Centro Municipal de Iniciativas Empresariais:

- a) Uso dun despacho privativo máis sala de xuntas e asesoramento gratuíto.

Aqueles novos proxectos empresariais, de recente creación (até dous anos de antigüidade) emprendidos de forma individual ou a través de empresas consideradas PEMES (conforme a definición establecida na Recomendación 2003/361/CE da Comisión Europea, versión de 6 de maio de 2003), independentemente da súa forma xurídica.

Os emprendedores que teñan un proxecto e queiran estudar a súa viabilidade antes de constituírse en empresarios (réxime de semilleiro) tendo como máximo 6 meses contando a partir do uso e gozo do despacho ou servizos comúns.

- b) Uso da sala de xuntas e asesoramento gratuíto.

Todo empresario constituído.

Poderán acceder á condición de beneficiario/a as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as sociedades civís, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade

económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo proxectos empresariais, co único requisito a maiores de que os requisitos de beneficiario deberán ser cumpridos por todos e cada un dos seus socios/as, independentemente da súa porcentaxe de participación na sociedade.

Neste caso, no momento da solicitude deberán manifestar a porcentaxe de responsabilidade, compromiso ou participación na súa agrupación, correspondéndolle a mesma porcentaxe de responsabilidade a todos e cada un deles.

En ningún caso poderán obter a condición de beneficiarios/as as persoas, entidades, agrupacións ou asociacións en quen conorra as circunstancias previstas no artigo 13 da Lei de subvencións 58/2003, as establecidas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ou nas súas respectivas normativas de desenvolvemento.

Artigo 7.- Beneficiario/a

- a) Uso dun despacho privativo máis sala de xuntas e asesoramento gratuíto. (Réxime estancia)

Poderá ser beneficiario/a para o uso do despacho privativo calquera persoa física ou xurídica cun novo proxecto empresarial, de recente creación, ou os emprendedores pendentes de constituírse, sempre que teñan habilitadas legalmente as funcións para o exercicio que nel se contén e que sexa seleccionado pola

súa viabilidade económica, técnica e financeira, e cando ademais cumpran os seguintes requisitos:

- a) Cando as persoas ou empresas solicitantes carezan de locais propios onde exercer a actividade ou que o local deveña insuficiente ou inadecuado para o desenvolvemento da súa actividade.
- b) Que non transcorra máis de dous anos desde o inicio da súa actividade. Entenderase como data de inicio da actividade a declarada na correspondente alta no censo de obrigas tributarias.
- c) No caso de emprendedores pendentes de constitución, poderán estar como máximo seis meses, desenvolvendo o plan de negocio sen constituírse como empresarios ou sociedade.
- d) Non poderán acceder ao Centro Municipal de Iniciativas Empresariais aquelas actividades empresariais que puidesen prexudicar o normal desenvolvemento e convivencia dos mesmos ou supoña actividade incompatible cos usos admitidos do Centro.
- e) Os despachos non se poderán dedicar preferentemente ao almacenamento de materiais.

Polo que respecta aos requisitos subxectivos expostos, estes esixiranse tamén a todos os accionistas maioritarios, persoa física ou xurídica, do proxecto empresarial solicitante, dado que o

obxectivo é apoiar novos proxectos empresariais independentes doutros xa consolidados.

Para ese efecto deberase presentar xunto á solicitude unha declaración xurada de cumprimento destes requisitos. O incumprimento nalgún dos criterios revogaríaa concesión, podendo existir outro tipo de responsabilidades segundo a normativa vixente.

- b) Uso da sala de xuntas e asesoramento gratuíto (réxime virtual).

Todo empresario constituído.

Artigo 8.- Obrigacións do/a Beneficiario/a

- a) Uso dun despacho privativo máis sala de xuntas e asesoramento gratuíto (réxime estancia)

O/a beneficiario/a do Centro Municipal de Iniciativas Empresariais estará/n obrigado a:

- 1) Exercer a actividade empresarial para a que se concedeu o servizo do Centro.
- 2) Aboar conforme ao establecido na Ordenanza vixente, a tarifa.
- 3) Deberá estar necesariamente cuberto cun seguro, tendo a maiores calquera outro tipo de seguro, que garanta os seguintes riscos:

- Incendio, explosión, vandalismo e rotura de cristais.

- Danos de auga e de fume.
 - Rotura de máquinas e equipos.
 - Roubo.
 - Responsabilidade civil contra terceiros consecuencia da actividade exercida no Centro.
- 4) Satisfacer todos os impostos e gravames que pesen sobre a actividade que vai desenvolver.
 - 5) Satisfacer cotas obrigatorias á Seguridade Social do persoal da empresa.
 - 6) Facilitar calquera documentación que figure mencionada na presente normativa que se requira por parte do persoal técnico municipal, co único fin de facer as oportunas verificacións. O persoal do concello, só poderá usala para facer as pertinentes verificacións, sen poder usala con outro fin, e disporá dela o tempo mínimo necesario.
 - 7) Comunicar cambios que modifiquen as condicións xerais do beneficiario.
 - 8) Permitir execución de obras de reparación, conservación ou mellora que ordene o Concello, así como a limpeza do Centro.
 - 9) Devolver o local cedido, unha vez finalizada a súa concesión, nas mesmas condicións de uso en que foi recibido.

- 10) Aceptar cantas normas e instrucións se diten para o control e xestión do Centro Municipal de Empresas.
 - 11) Pagar a tarifa polo uso do local.
- b) Uso da sala de xuntas e asesoramento gratuíto (réxime virtual)
- Pagar a tarifa que lle corresponda e estar dado de alta como empresario.

Artigo 9.- Prohibicións

Prohíbese aos emprendedores:

1. Arrendar, ceder ou gravar o dereito de uso ou utilización daquelas dependencias concedidas no Centro Municipal de Iniciativas Empresariais. Non se entenderá que se dá esta situación cando se produza un cambio de nome, de forma xurídica ou no conxunto de accionistas, sempre que se manteñan a actividade e persoal previos, con independencia de novas incorporacións.
2. Realizar calquera tipo de obras, exceptuando as autorizadas expresamente polo Concello.
3. A utilización das instalacións do Centro Municipal de Iniciativas Empresariais para fins distintos aos previstos na concesión.
4. Deixar de exercer a súa actividade no Centro por un período superior ós dous meses.

TÍTULO II: O PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN

CAPÍTULO I: Da convocatoria

Artigo 10.- Da convocatoria

Para acceder ao Centro Municipal de Iniciativas Empresariais establécese un sistema de convocatoria aberta de forma permanente. As solicitudes que se presenten para a utilización dos servizos, serán estudadas, e segundo resulte a selección, será dada a concesión do servizo, sempre suxeito á dispoñibilidade de locais.

CAPÍTULO II: Da solicitude, presentación, avaliación e valoración de solicitudes e resolución.

Artigo 11.- Solicitude

As persoas interesadas en acceder ao Centro Municipal de Iniciativas Empresariais presentarán solicitude segundo o modelo normalizado, que será facilitado desde o propio Centro e incluso dende o Concello, especificando que servizo solicita:

- a) Despacho para actividade empresarial con dereito a sala se xuntas e asesoramento gratuíto (réxime estancia).

b) Sala de xuntas máis asesoramento gratuito (réxime virtual).

a) Despacho para actividade empresarial con dereito a sala de xuntas e asesoramento gratuito

No caso de solicitar un despacho para actividade empresarial, deberá presentar a seguinte documentación.

11.1.- Con carácter xeral

- Plan de empresa da actividade que se pretende desenvolver, que como mínimo ha de conter unha evolución da conta de resultados estimativa a cinco anos, o capital invertido, a creación de emprego previsto nos dous próximos anos, así como a descrición, mercado ó que se dirixe, previsión de investimento, financiamento, tesourería e outros documentos que considere de interese.
- Currículo Vítæ das persoas promotoras. Indicar a formación, experiencia acreditada con titulación oficial e vida laboral actualizada.
- Si é un proxecto de base tecnolóxica, documentación que acredite tal situación.
- Si están desempregados, coa vida laboral quedaría acreditado, en caso de non aportala sería necesaria

documento do Servizo Galego de Colocación conforme está desempregado.

- Si algún emprendedor ten minusvalía certificado oficial conforme acredite tal circunstancia.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas fiscais tanto con facenda, a seguridade social e o concello de Guitiriz sendo este un requisito excluinte.

11.2.- No caso de que a empresa xa estivese constituída no momento da solicitude

11.2.a) Persoa física

- DNI.
- Alta no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social.
- Alta como empresario en facenda.

11.2.b) Persoa xurídica ou outras entidades

- CIF.
- Escritura de constitución pasada polo rexistro mercantil.

- Certificado de que a empresa está ao día das obrigas fiscais e da seguridade social.

11.3.- No caso de Emprendedores pendentes de constituírse

- DNI.

- Neste caso os emprendedores poderán solicitar o réxime de sementeira que lle da dereito a estar ata a constitución da empresa cun máximo de seis meses nunhas condicións económica máis vantaxosas.

b) Só sala de xuntas máis asesoramento (réxime virtual)

Neste caso ao non haber limitacións de prazas, só ten que acreditar a súa condición de empresario e estar ao corrente nas obrigas fiscais e da seguridade social.

O solicitante autoriza ao Concello e a realizar cantas comprobacións consideren oportunas. Se do resultado desta comprobación puxésense de manifesto datos distintos aos manifestados polos solicitantes ou beneficiarios que desen lugar á concesión dos servizos en condicións vantaxosas, adoptaranse ás medidas necesarias para corrixir, e no seu caso, reparar o

prexuízo causado, podendo chegar ata a perda do dereito á concesión do mesmo. Todo iso, sen prexuízo, das responsabilidades legais ás que houberse lugar.

En aplicación do artigo 35.f) da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, quedarán eximidos da presentación de calquera dos documentos anteriores cando calquera dos mesmos se atope en poder do propio Concello para o que, os interesados, deberán indicar a data e o órgano de presentación do documento en cuestión.

Artigo 12.- Presentación da solicitude

Unha vez cumprimentada a solicitude xunto á documentación nela referida presentarase nas oficinas de rexistro do Excmo. Concello de Guitiriz. A presentación da solicitude determina o dereito a esixir da Administración o correspondente recibo que acredite a data e presentación, admitindo como tal unha copia na que figure a data de presentación anotada pola oficina correspondente.

No despacho das solicitudes gardarase a orde rigorosa de incoación das mesmas, salvo que se dea orde motivada en contrario, da que deberá quedar constancia.

Se se observase que a solicitude fose incompleta ou defectuosa, requirirase do solicitante para que nun prazo máximo de 10 días emende a falta, e se non fora así, valorarase en función da documentación aportada.

Artigo 13.- Avaliación e valoración de solicitudes

A avaliación e valoración de solicitudes deberá ter en conta os seguintes criterios, coas as seguintes valoracións.

- Viabilidade comercial e económico-financeira do proxecto. Este apartado valorarase desde 1 a 3 puntos, en base a conta de resultados e rendibilidade sobre o capital invertido. Un proxecto terá a viabilidade máxima cando presente un plan económico financeiro cunha conta de resultados a cinco anos cuxo beneficio antes de impostos sexa positivo e unha rendibilidade antes de impostos sobre o capital invertido igual ou superior ao 8 % todos os anos. Viabilidade media sería cando ten beneficios antes de impostos ao menos en catro dos cinco anos e/ ou non supera o beneficio antes de impostos do 8 % sobre o capital invertido en algún dos anos do plan de empresa. Un punto sería cando ten perdas previstas en varios anos. Terá cero puntos cando non presente plan económico financeiro.

En todo caso o tribunal poderá corrixir por maioría absoluta as valoracións si considera que o emprendedor presenta expectativas non axustadas a realidade ou non cribles, debendo quedar reflectido en acta a modificación de notas, pero si o plan de empresa estivera asinado por un economista colexiado, entón o tribunal non podería modificar os datos presentados.

Criterio	Puntos
Beneficio previsto antes de impostos positivo nos cinco anos e un % igual ou superior ao 8 % sobre o capital invertido.	3 Puntos
Beneficio previsto antes de impostos positivo en catro anos dos cinco anos e ou un % sobre o capital invertido menor do 8 %.	2 puntos
Resultado antes de impostos negativos en varios anos dos cinco anos do plan económico financeiro	1 punto
No presenta un plan económico financeiro	0 puntos

- Formación¹ e experiencia² profesional. Neste apartado a valoración variará de 1 a 3 puntos. Estudos universitarios superiores, doutorado, ou experiencia profesional superior a cinco anos serían tres puntos. Estudos universitarios medios, formación profesional superior ou máis de tres anos de experiencia laboral, 2 puntos. Bacharelato, estudos secundarios obrigatorios ou máis de un ano de experiencia, 1

¹ A formación habería que acreditarla con diplomas oficiais.

² A experiencia laboral deberá estar acreditada con unha vida laboral

punto. Non ter os estudos secundarios obrigatorios ou a educación xeral básica e menos de un ano de experiencia cero puntos.

Criterio	Puntos
Estudios universitarios superiores, doutorado, ou experiencia superior a 5 anos	3 Puntos
Estudios universitarios medios, formación profesional superior ou mais de tres anos de experiencia laboral	2 puntos
Bacharelato, estudos secundarios obrigatorios ou máis de un ano de experiencia	1 punto
Non ter os estudos secundarios obrigatorios ou a educación xeral básica e menos de un ano de experiencia	0 puntos

Ó tratarse de datos fidedignos, acreditados en documentos oficiais como titulación oficial e vida laboral, a Comisión Avaliadora non poderá variar as valoracións da táboa anterior.

- Números de empregos que se crean. Neste caso a valoración será un punto por cada posto de traballo a tempo completo

previsto nos dous anos que dura a estancia no centro de iniciativa empresarial. A ponderación será en base a media de xeración de emprego nos dous anos. Como é a media prevista nos dous anos de estancia no viveiro, só se computará como máximo 1 decimal. (exemplo si no primeiro ano están previsto 1 traballador e no segundo 2 traballadores, a media sería 1,5, polo tanto obtería 1,5 puntos). Computase como traballador tanto o promotor que se daría de alta como autónomo, como a contratación por conta allea. A puntuación máxima sería de 5 puntos para cada proxecto emprendedor.

Ao igual que no caso da viabilidade da empresa, a Comisión avaliadora poderá corrixir por maioría absoluta as valoracións si considera que o emprendedor presenta expectativas non axustadas a realidade ou non cribles, debendo quedar reflectido en acta a modificación de notas, pero si o plan de empresa que acredita a expectativa de xeración de emprego, estivera asinado por un economista colexiado, entón o tribunal non podería modificar os datos presentados.

- Innovación. Si o proxecto ten a consideración oficial de base tecnolóxica, terá dous puntos, en caso contrario a puntuación será cero puntos.
- Situación laboral previa dos promotores. Dado que a posta en marcha de iniciativas empresarias e un xeito de fomentar o emprego, darase maior ponderación ao colectivo desem-

pregado, segundo a idade e o xénero. Isto ben motivado porque estatisticamente estes colectivos teñen máis dificultade de buscar unha saída laboral. Como a ponderación farase por proxecto, se ponderará en función dos números de emprendedores que vaian figurar como traballadores, non tendo en conta aos emprendedores capitalistas que non vaian traballar no proxecto empresarial. Exemplo, si catro promotores presentan un proxecto empresarial, onde un pon cartos pero non vai traballar no proxecto, os outros tres si, sendo unha muller desempregada maior de 45 anos, outro un home desempregado menor de 45 anos, e outra unha empregada, se calcularía en base a táboa seguinte como $(3 + 1 + 0) / 3 = 4/3$, con un máximo de 1 decimal. Neste apartado non se computará as contratacións a terceiros.

Ao ser un dato obxectivo, acreditado pola vida laboral, ou por un documento do Servizo Galego de Colocación, a Comisión no poderá corrixir o resultado da ponderación.

Colectivo	Puntos
Mulleres desempregadas maiores de 45 anos	3
Homes desempregados maiores de 45 anos	2
Mulleres desempregadas menores de 45 anos	2
Homes desempregados menores de 45 anos	1
Empregados, autónomos tanto homes como mulleres	0

- Minusvalía. Si un dos emprendedores acredita certificado de minusvalía, se lle outorgará un punto ao proxecto.
- Entrevista aos promotores. A comisión fará unha entrevista onde analice a perfil dos emprendedores, aínda que puidera usar o test do emprendedor, e o test da idea, entendemos que a valoración será a criterio da Comisión cunha valoración que vai de cero puntos aos tres como máximo.

Como resume das valoracións teríamos e táboa seguinte

Criterio	Ponderación
Viabilidade comercial e económico-financeira do proxecto	De 0 a 3 puntos
Formación e ou experiencia dos emprendedores	De 0 a 3 puntos
Números de empregos que se crean	De 0 a 5 puntos
Innovación	0 ou 2 puntos
Situación laboral previa dos emprendedores	De 0 a 3 puntos
Minusvalía	De 0 a 1 puntos
Entrevista aos promotores	De 0 a 3 puntos

No caso de producirse un empate entre proxectos, a orde que prevalecerá será:

- a) O proxecto que tivera a maior puntuación na creación de emprego.
- b) O proxecto que tivera maior puntuación na situación laboral previa dos emprendedores.
- c) A minusvalía acreditada
- d) O proxecto que tivera a puntuación máis elevada na viabilidade do proxecto.

- e) O proxecto que tivera máis puntuación no apartado de innovación.
- f) O proxecto que tivera máis puntuación no apartado de formación e experiencia do grupo promotor.
- g) Por orde de entrada.

Para a avaliación e valoración das solicitudes créase unha Comisión de Valoración, presidida polo/a Alcalde/sa ou persoa que el/ela designara. Tamén estará como mínimo un experto de recoñecido prestixio do eido empresarial de fóra do concello, sendo designado polo/a Alcalde/sa.

Todos os criterios que sexan tidos en conta para a valoración da solicitude deberán cumprirse no momento da ocupación do espazo no Centro.

Artigo 14.- Proposta e Resolución

O informe de valoración será remitido á Alcaldía quen procederá a resolver positivamente ou denegar a proposta da Comisión.

Na proposta remitida pola Comisión á Alcaldía deberán estar incluídos, como mínimo, os seguintes datos:

- 1- Obxecto da autorización con indicación do local que se asigna en caso de réxime de estancia.
- 2- Actividade empresarial á que se debe destinar.
- 3- Contía da tarifa a aboar.

- 4- Duración da autorización: que será dun ano prorrogable tacitamente nun ano máis. A partir do terceiro ano serán prórrogas por tres meses ata que haxa aprobada unha nova solicitude. En todo caso non poderá estar máis de tres anos. No caso de réxime virtual non hai limitación de tempos.

No caso de que a resolución fose positiva e se procedese á incorporación ao Centro Municipal de Iniciativas Empresariais, o Concello iniciará a súa tramitación correspondente. De resultar positiva e non existindo praza vacante, notificarase tal situación indicando o posto da lista de espera que lle corresponde atendendo á puntuación obtida.

No caso de que a resolución resolvase a non concesión do servizo, a súa exclusión deberá ser motivada.

A notificación da resolución efectuarase coas formalidades legalmente previstas, incluíndo necesariamente, entre outras cuestións, mención expresa de que a mesma pon fin á vía administrativa e deberá incluír os recursos, ordinarios e xurisdicionais, aos que tivese dereito nos prazos e termos legalmente establecidos.

Transcorrido o prazo previsto nos apartados anteriores sen que se notificara de forma expresa a resolución e sen prexuízo da obrigaón de resolver, poderase entender desestimada a solicitude a efectos de permitir ao interesado a interposición dos recursos aos que houberse lugar nos prazos e termos legalmente previstos.

CAPÍTULO III: Da lista de espera

Artigo 15.- Lista de espera

A lista de espera é o medio a través do cal se rodea a prioridade na concesión dos servizos do Centro e permanecerá publicada e actualizada na páxina web do Concello.

A lista de espera será única e ordenarase segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo establecido no artigo 13 desta Ordenanza. En calquera momento, calquera persoa interesada poderá solicitar unha nova valoración atendendo a novas circunstancias que alteren ou modifiquen a puntuación inicialmente outorgada.

A validez das solicitudes será dun ano, transcorrido o cal dende a notificación da inclusión da solicitude na lista de espera, a mesma entenderase caducada, debéndose reactivarse mediante nova solicitude.

CAPÍTULO IV: Da formalización da autorización

Artigo 16.- Para a formalización da autorización

A concesión privativa de espazos require da súa formalización en documento administrativo, polo que unha vez asignado un local a un solicitante, solicitarase a seguinte documentación, senón foi achegada con anterioridade:

16.1.- Empresario constituído

- Fotocopia compulsada do NIF, pasaporte ou cartón de residencia no caso de empresario individual ou representante legal da entidade.
- Fotocopia compulsada do CIF e fotocopia compulsada das escrituras de constituición debidamente rexistradas. Poderá demorarse a entrega da Escritura de constituición, alta no IAE e CIF da empresa para empresas que non se atopen constituídas no momento de cursar a solicitude. A citada documentación presentarse no prazo máximo de 15 días a partir da data de constituición.
- Número de conta bancaria onde domiciliar o abono da tarifa correspondente.
- Fotocopia compulsada de alta no modelo de declaración censal.
- Fotocopia compulsada de alta no réxime especial de traballadores autónomos, calquera outro réxime especial por conta propia da seguridade social, mutualidades, etc. de todos os socios traballadores da sociedade.
- Declaración responsable, pola que, entre outras cuestións, o solicitante declárase non estar incurso nos supostos de prohibición establecidos no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e no artigo 13 da

Lei 38/2003, non dispor de local propio para o exercicio da actividade.

- Certificado de estar ao corrente nas súas obrigas fiscais, coa Seguridade Social e co concello de Guitiriz, de todos os socios.

- Presentar póliza de seguros que cubra como mínimo as contingencias referidas ó artigo 8.c) desta Ordenanza.

16.2.- Emprendedor pendente de constituírse como empresario

- Fotocopia compulsada do NIF, pasaporte ou cartón de residencia no caso de empresario individual ou representante legal da entidade.

- Número de conta bancaria onde domiciliar o abono da tarifa correspondente.

- Declaración responsable, pola que, entre outras cuestións, o solicitante declárase non estar incurso nos supostos de prohibición establecidos no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e no artigo 13 da Lei 38/2003, non dispor de local propio para o exercicio da actividade.

- Presentar póliza de seguros que cubra, como mínimo, as contingencias referidas ó artigo 8.c) desta Ordenanza.

- Presentación da garantía na forma legal establecida, conforme ao establecido no artigo 8.d) desta Ordenanza.

CAPÍTULO V: Da resolución**Artigo 17.- Da resolución da autorización**

Serán causa de resolución da autorización, con independencia das legais, regulamentaria ou convencionalmente establecidas, as seguintes:

- a. A expiración do prazo convido ou das súas prórrogas.
- b. O cesamento definitivo da actividade.
- c. Traslado definitivo a outro local.
- d. Por adquisición dun local propio, salvo polo tempo indispensable para o acondicionamento do mesmo, cun máximo de seis meses.
- e. O cambio non autorizado de actividade incompatible cos usos do Centro Municipal de Iniciativas Empresariais.
- f. A cesión ou subarrendo do local ou calquera outra instalación do Centro.
- g. Por renuncia ou desestima do solicitante, sendo efectivo o último día do mes no que se notifique.
- h. Ocultación ou falsidade na documentación achegada polo beneficiario.
- i. A realización de obras no local sen o previo consentimento expreso e escrito.

- j. O incumprimento de calquera das normas que lle incumban de acordo co Regulamento de Réxime Interior e outras instrucións que se poidan redactar.
- k. Non iniciar a actividade no Centro no prazo convidado de seis meses.
- l. O peche ou non utilización do local por causas imputables á persoa beneficiaria por máis de dous meses.
- m. O incumprimento das obrigacións asumidas respecto dos contratos de seguros e/ou avais.
- n. A falta de pagamento da tarifa establecida durante dous meses consecutivos, ou tres dentro do ano natural, salvo causa de forza maior debidamente xustificada e verificada.
- o. A negativa a achegar a documentación requirida.
- p. Por grave incumprimento de calquera norma de xeral aceptación no tocante á convivencia que impida de forma grave o normal funcionamento do Centro Municipal de Empresas.
- q. A non notificación da existencia de novas circunstancias que afecten á concesión do servizo.
- r. Por modificacións de condicións que impliquen o incumprimento dos requisitos establecidos no artigo 6 desta Ordenanza.

- s. Pola realización dalgunha das causas de prohibición definidas no artigo 8.

Unha vez producida a extinción da autorización, o Concello de Guitiriz declarará a mesma por vía administrativa, debendo o beneficiario desaloxar o local, podendo para isto o Concello exercer todas as facultades coercitivas axustadas a dereito que resultaren necesarias para garantir a efectividade da acción, incluíndo a vía administrativa. Para ese efecto na data que sexa posto a disposición o local por parte do beneficiario redactarase un Acta na que serán convenientemente detalladas as reparacións e reposicións a el imputables, o custo estimativo e o prazo para desenvolveselas que non poderá exceder dun mes a contar desde o seguinte á data de extinción do servizo, momento en que se procederá á devolución, no seu caso, da fianza ou aval na forma regulamentariamente establecida.

TÍTULO III: DAS CONDICIÓN S DE CONVIVENCIA E USO DAS INSTALACIÓN S E SERVIZOS DO CENTRO MUNICIPAL DE EMPRESAS

Artigo 18.- Do horario e apertura

O horario de atención ás persoas usuarias do Centro Municipal de Iniciativas Empresariais será ininterrompido xa que o emprendedor ten que ter total liberdade horaria no desenvolvemento do seu traballo. Non obstante o uso das instalacións comúns si estará restrinxido a un horario de luns a venres de 8,30 da mañá a 21 horas, de tal xeito que terá que pedir un permiso específico se precisa usar as instalacións comúns fóra de dito horario sendo de súa responsabilidade seguir e respectar o protocolo de actuación de acceso e control que se implantará no Centro.

Autorízase expresamente á Dirección do Centro Municipal de Iniciativas Empresariais a modificar, reducir ou ampliar horario ou días de actuacións do Centro.

Artigo 19.- Utilización de despachos

Só estará a disposición das empresas beneficiarias o uso dos espazos fixados na autorización correspondente.

REGULAMENTO Título III: Convivencia e uso das instalacións

A sinalización interna das diferentes empresas realizarase baixo un formato e deseño común fixado polo Servizo que o Concello designe. Non se poderán colocar carteis sen autorización previa.

Artigo 20.- Utilización de espazos comúns

Os espazos de uso común só poden ser utilizados, de conformidade coa súa natureza, para o tránsito de persoas e para aquelas finalidades autorizadas expresamente previo aviso e de conformidade co procedemento regulado en desenvolvemento da presente ordenanza.

Dentro do Centro de Iniciativa de Empresas existe unha sala de xuntas que os emprendedores poderán usar con fins vinculados a súa actividade empresarial. Esta solicitude a poden facer tanto os que teñen un despacho privativo no centro, (réxime estancia) como aqueles que teñen contratados os servizos comúns da sala de xuntas (réxime virtual). Poderán dispoñer libremente da sala de xuntas cando a necesiten sendo o único requisito comunicar ao responsable do Centro de Iniciativas empresarias a súa necesidade, o cal levará control do uso da sala de xuntas. No caso de que varios emprendedores usuarios do centro necesitasen o uso da sala de xuntas a mesma hora, primará o criterio de orde de solicitude, pero neste caso, poderá dispoñer como tempo máximo da sala de xuntas dúas horas, co obxecto de facilitar a sala de xuntas a todos os usuarios que a precisen.

O Concello de Guitiriz resérvase o dereito a utilizar as instalacións comúns do Centro para a presentación e organización de eventos ou outros actos dependentes da súa titoría.

Artigo 21.- Responsabilidade por danos

O Concello de Guitiriz non se fai responsable dos danos, prexuízos ou atentados contra a propiedade (incluíndo roubos) que se poidan cometer contra os bens, pertenzas ou efectos instalados no Centro.

Tampouco se fará responsable dos prexuízos que se puidesen derivar dun mal estado de conservación ou mala utilización das instalacións obxecto de autorización. Neste sentido todo usuario do Centro terá a obriga de comunicarlle aos responsables municipais do mesmo, calquera avaría ou deficiencia que se produza dentro do recinto e que sexa do seu coñecemento.

O Concello inspeccionará as instalacións, vixiando o cumprimento das obrigacións derivadas das autorizacións e das normas contidas ou desenvoltas a partir da presente Ordenanza, adoptando as medidas necesarias para reparar os danos que se orixinen coa entrada nos locais en ausencia do empresario.

TÍTULO IV: RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO I: Disposicións xerais

Artigo 22.- Disposicións xerais

As posibles sancións derivadas das infraccións que se derivaran da presente ordenanza, competen á Alcaldía, tal como dispón o artigo 21 da LBRL.

Son infraccións sancionables as accións ou omisións contrarias ao establecido nesta ordenanza e xerarán responsabilidade administrativa.

As responsabilidades derivadas do incumprimento do disposto na presente Ordenanza serán exixibles non só por actos propios, senón tamén polos daqueles de quen se deba responder, de conformidade co disposto na lexislación vixente e na presente Ordenanza.

Cando existan varios responsables e non sexa posible determinar o grao de participación de cada un deles, a responsabilidade esixirase solidariamente. Do mesmo xeito, se os danos causados se producen por acumulación de actividades debidas a diferentes persoas, poderá imputarse individualmente esta responsabilidade e os seus efectos económicos sempre que fose posible coñecer o grao de implicación de cada un.

Sen prexuízo da sanción que puidese corresponder aos infractores, estes estarán obrigados, no seu caso, á reposición ou

restauración da realidade física alterada ao ser e estados anteriores á infracción cometida, na forma e condicións que se determinen na resolución ou restauración na forma e prazos sinalados no requirimento competente. Poderase acordar a imposición de multas coercitivas reiterables por importe comprendido entre 75 e 3.000 euros, sen prexuízo de que se puidese penalizar ao infractor coa incautación da fianza.

Artigo 23.- Da potestade sancionadora

Corresponde ó Concello ou a quen este designe, a inspección das instalacións, vixiando o cumprimento das obrigacións derivadas das autorizacións e as normas contidas na presente Ordenanza.

As infraccións á presente Ordenanza serán sancionadas pola Alcaldía ou, no seu caso, o órgano que teña delegada a competencia, previa instrución do correspondente expediente, de conformidade cos principios e procedemento regulado na Lei 30/1992, de 26 de novembro relativa ao réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e no R.D. 1398/1993, de 4 de Agosto, polo que se regula o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 24.- Prescrición

As infraccións leves prescriben ós seis meses, as graves ó ano e as moi graves ós dous anos; as sancións impostas por faltas leves

prescribirán ós seis meses, as graves ó ano e as moi graves ós dous anos.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contar desde o día en que se comete a infracción e o das sancións desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Interromperá o período de prescrición das infraccións a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, renovándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

Interromperá a prescrición das sancións a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ó infractor.

CAPÍTULO II: Das infraccións**Artigo 25.- Das infraccións**

As infraccións cualifícanse de leves, graves e moi graves.

1. **Infraccións leves.** Consideraranse leves todas aquelas infraccións que especificamente no estean tipificadas na presente Ordenanza como graves ou moi graves, particularmente:

- a. Perturbación na tranquilidade doutra persoa ou do normal desenvolvemento das diferentes actividades do Centro.
- b. Incumprir as obrigas de facilitar a documentación que sexa requirida.
- c. Desconsideración co persoal municipal, prestamistas do servizo ou outras persoas vinculadas directa ou indirectamente co Centro Municipal de Iniciativas Empresariais.
- d. Os danos ocasionados aos equipamentos, infraestruturas ou elementos afectos ao Centro.
- e. Utilizar de xeito preferente o local como almacén de mercadorías ou materiais.

2. **Infraccións graves.** Terán a consideración de infracción grave as seguintes condutas:

- a. Realizar algunha das actividades que, no marco desta Ordenanza ou calquera Municipal, precisen autorización administrativa e non contén con ela.
 - b. Actos de deterioración grave e relevante de equipamentos, infraestruturas ou elementos afectos ó Centro.
 - c. Desconsideración grave co persoal municipal, prestamistas do servizo ou outras persoas vinculadas directa ou indirectamente co Centro Municipal de Empresas.
 - d. Realización de obras sen autorización previa que alteren substancialmente calquera mobiliario ou infraestrutura do Centro.
 - e. Utilización de elementos publicitarios sen autorización previa, que altere o protocolo de imaxe do Centro Municipal de Empresas.
 - f. Cometer tres faltas leves no prazo dun ano.
3. **Infraccións moi graves**. Terán a consideración de moi graves as seguintes condutas:
- a. Falsear ou ocultar datos para a obtención da autorización sinalada nesta Ordenanza.
 - b. Impedir o uso dun espazo ou servizo destinado a outra persoa.

- c. Desconsideración moi grave ou agresión ao persoal municipal, prestamistas do servizo ou outras persoas vinculadas directa ou indirectamente co Centro Municipal de Empresas.
- d. En xeral, ocultar ou producir calquera das circunstancias descritas como prohibicións no artigo 8 desta Ordenanza.
- e. A reincidencia no prazo dun ano, de tres infraccións graves.

En calquera caso á hora de clasificar a infracción, deberá terse en conta para a súa gradación os seguintes apartados:

- a. Reiteración.
- b. Natureza dos prexuízos causados.
- c. Intencionalidade, dolo e/ou mala fe.

CAPÍTULO III: Das sancións

Artigo 26.- Das sancións

As infraccións tipificadas conforme ao disposto nos capítulos anteriores, e con independencia doutro tipo de responsabilidades que puidesen ser esixidas de acordo co establecido nesta Ordenanza ou na lexislación que resulte de aplicación, serán sancionadas:

- As leves sancionaranse con multa pecuniaria desde 75,00 euros ata os 500,00 euros.
- As graves sancionaranse con multa pecuniaria desde 501,00 ata os 1.000,00 euros.
- As moi graves sancionaranse con multa pecuniaria desde 1.001,00 ata os 3.000,00 euros.

A imposición de sancións atenderá aos seguintes criterios:

- O beneficio obtido. En ningún caso a imposición da sanción pode ser máis beneficiosa que o cumprimento da norma infrinxida.
- O prexuízo causado.
- A intencionalidade.
- A reiteración na mesma infracción ou da mesma natureza.

Artigo 27.- Órganos sancionadores

As sancións por faltas leves, graves ou moi graves, serán impostas pola Alcaldía de conformidade co artigo 21 da LBRL.

De forma preventiva a Alcaldía poderá adoptar, previo informe motivado, as medidas de carácter provisional que aseguren a resolución. O acordo será motivado e poderá establecer a suspensión da prestación do servizo.

TÍTULO V: DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 28.- Financiamento e réxime de achegas

As empresas beneficiarias da utilización e aproveitamento dos locais do viveiro de empresas deberán abonar as tarifas que se determinen na Ordenanza reguladora dos ingresos derivados da utilización do viveiro de empresas que estea en vigor en cada momento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

O pleno tal como se recolle no artigo 22 da LBRL, ten a facultade de interpretar e aplicar as disposicións contidas nesta Ordenanza, así como a redacción de cantas instrucións fosen necesarias para a súa correcta aplicación, en particular, a aprobación do regulamento de funcionamento interno do Centro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

No non previsto pola presente Ordenanza, aplicarase con carácter supletorio a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, a LPAP e resto de disposicións vixentes en material de réxime local así como polo establecido na Lei 30/1992, Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2. LBRL, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O órgano competente para o outorgamento das concesións e licenzas de uso previstas no regulamento é a alcaldía en base ao artigo 21 LBRL e DA 2ª LCSP, sen prexuízo do réxime de delegacións establecido no concello.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA
OCUPACION DOS LOCAIS DO CENTRO MUNICIPAL
DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE GUITIRIZ**

Artigo1.- Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 20.A) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL, en diante), este Concello establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local consistente na ocupación dos locais e/ou oficinas do Centro municipal de iniciativas empresariais de Guitiriz, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible a ocupación dos locais e/ou oficinas do Centro municipal de iniciativas empresariais de Guitiriz.

Artigo 3.- Suxeito Pasivo

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (LXT, en diante) que ocupen efectivamente os locais e/ou oficinas do Centro municipal de iniciativas empresariais de Guitiriz.

Artigo 4.- Base Impoñible

A base imponible estará constituída pola superficie ocupada polos seleccionados para o Centro municipal de iniciativas empresariais de Guitiriz.

Artigo 5.- Cota Tributaria

A cota tributaria será a que resulte de aplicar as tarifas que se indican de a continuación.

Servizo	Importe Taxa por mes
Uso do despacho privativo primeiros doce meses	6,00 €/m ²
Uso do despacho privativo do décimo terceiro mes ao vixésimo cuarto	6,50 €/m ²
Uso do despacho privativo do vixésimo quinto mes ate o final	7,00 €/m ²
Emprendedores virtuais (os que non usan despachos privativos tendo dereito ao resto dos servizos)	25,00 €/m ²

Artigo 6.- Devengar

O devengo desta taxa e a obriga de contribuír xurde coa utilización do dominio público consistente na ocupación das oficinas e/ou locais do Centro municipal de iniciativas empresariais de Guitiriz.

Artigo 7.- Normas de xestión

As cotas liquidaranse mensualmente. O Técnico encargado do Viveiro de Empresas formará unha lista de cobro cada mes que se someterá á aprobación da Alcaldía deste Concello, ou órgano competente por delegación.

Procederá o prorrateo da taxa correspondente ao mes de inicio en función dos días que resten ata o último do mes. Tamén se prorrateará a tarifa mensual nos supostos de cese en función do número de días de ocupación efectiva durante o mes de cese.

As liquidacións así aprobadas serán notificadas aos contribuíntes nos termos dos artigos 102 e 109 e seguintes da LXT.

O pago farase efectivo nos prazos establecidos no artigo 62 da LXT.

As cantidades non ingresadas dentro do período voluntario de pago faranse efectivas a través do procedemento de apremio nos termos dos artigos 160 e seguintes da LXT e na normativa de desenvolvemento.

Artigo 8.- Normativa supletoria

As disposicións establecidas no Regulamento do Viveiro de empresas aplicaranse de forma supletoria para o non previsto na presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 9.- Infraccións e Sancións

Para todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á imposición das sancións correspondentes rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da LXT.